

**Art. 58. Identificación e definición de núcleos de poboación**

1. A efectos do disposto nos artigos 10 e 75 LSG, considéranse núcleos de poboación e como tales configuran a estrutura xeral e orgánica do territorio municipal de Ferrol xunto cos sistemas xerais determinados, e delimitanse en planos de ordenación:
  - a) A cidade de Ferrol e a súa periferia urbana, urbanizable e rústico común apto para a urbanización, comprendidos nas delimitacións establecidas polo Plan Xeral.
  - b) Os núcleos de poboación de Prioiro, Campote, Vilar, Tra-lo Outeiro e Cariño coa clasificación de solo urbano e rústico apto para a urbanización, comprendidos nas delimitacións establecidas polo Plan Xeral.
  - c) Tódolos núcleos rurais identificados e delimitados como tales no Plan Xeral, e que se relacionan a continuación:

**PARROQUIA DE A MARIÑA**

VILA DA AREA  
VILA DA IGREXA

**PARROQUIA DE BRIÓN**

LIÑARES  
REGUEIRA  
SAN CRISTOVO  
SAN MARTÍN

**PARROQUIA DE COVAS**

COVARRADEIRAS  
PAPOI  
PEDREIRA  
SOAGRAÑA-RAXÓN-A ALDEA

**PARROQUIA DE DONIÑOS**

CONFURCO  
CROA-FONTÁ-FONTE-CASTRO-CORRÁS-PAREDES-ALMUFEIRA  
O PIEIRO  
O VILAR-OUTEIRO  
VILABUIDE

**PARROQUIA DE ESMELLE**

BUIDE-CURTIÑAS  
CASTIÑEIRA-MÍGUEZ-CHÁ DA MARIÑA-CRUCERO  
CURRÁS-PONTIXAS-RIOXUNTO-ESMELLE  
IGREXARIO  
LODEIRO  
LONGRÁ  
MOUGÁ DE ARRIBA  
TRA-LO CASTRO

**PARROQUIA DE LEIXA**

TEIXO-FONTEIROA

**PARROQUIA DE MANDIÁ**

BUSTELO-CASAS BARRASCOSAS  
CONFURCO-FONTELA  
CHÁ DE MANDIÁ  
FONTÁ  
RILO

TABOADA  
VILELA

**PARROQUIA DE MARMANCÓN**

BOUCELLA  
CAMPOS DA VILA  
ESPIÑEIRA  
O PIEIRO-BARREIRO  
PAPOI-REGUEIRO DA AUGA-AGRO

2. Para os efectos do presente Plan Xeral, constitúe un núcleo de poboación a agrupación de polo menos 10 vivendas, formando un asentamento poboacional diferenciado, nun ámbito territorial identificable en base á topografía, elementos naturais, estrutura parcelaria e elementos de infraestrutura, no que se alcance unha densidade superior a 3 vivendas por hectárea. A prevalencia na súa morfoloxía do seu vencellamento de orixe coas actividades do sector primario e a súa diferenciación en relación ás periferias que se integran no ámbito da cidade, determinan a súa consideración como núcleos rurais.

O estudo do medio rural ten recoñecido así mesmo 20 lugares acasados tradicionais de menor dimensión que se incorporan ó sistema de asentamentos con regulación específica de núcleos rurais tradicionais.

**Art. 59. Indicadores para a formación de Plans Especiais de Mellora do Núcleo Rural**

1. Para establece-la necesidade de formación de Plans Especiais de Mellora do núcleo rural, fíxanse os indicadores de complexidade urbanística que a continuación se relacionan, coas situacións límite que se indican:
  - a. Número de vivendas no núcleo, maior de 120.
  - b. Densidade de vivenda no núcleo, maior de 7 viv/Ha.
  - c. Número de licencias concedidas e executadas ou en execución de 1/2 do número de vivendas no núcleo á aprobación do Plan.

Cando calquera dos tres indicadores relacionados alcancen as situacións límite que se indican, será recomendable proceder á formación dun Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural, coas finalidades establecidas no art. 27 LSG.

A concorrencia do terceiro dos indicadores con algún dos outros dous, por riba da situación límite, determina a necesidade de formación inmediata de ditos Planes, procedéndose polo Concello á adopción do acordo correspondente.